



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte.1012/1102

ASUNTOS TRATADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29 DE ABRIL DE 2021.

- 1.- APROBACIÓN ACTAS: acta da sesión ordinaria do 22 de abril de 2021.

ADMÓN. ELECTRÓNICA

- 2.- Reaxuste de anualidades no expediente de contratación para o subministro en réxime de arrendamento dos dispositivos de impresión e o software asociado. Expte. 7075/113.

BOMBEIROS

- 3.- Expediente de contratación, por procedemento aberto, para o mantemento preventivo e correctivo das superestructuras de salvamento en altura para o Servizo de Bombeiros. Expte. 6358/213.

COMERCIO

- 4.- Proposta desestimatoria de solicitude de cambio (permuto) de posto do C02 ao C01 no Mercado do Progreso. Expte. 7804/106.

CONTRATACIÓN

- 5.- Proposta de adxudicación da contratación da edición e adquisición dun libro para escolares de educación primaria sobre a “Reconquista de Vigo”. Expte. 18409/101.

DEPORTES

- 6.- Subvención nominativa mediante convenio coa entidade Sárdoma C.F. en base ó desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade considerada de elite na tempada deportiva 2020/2021. Expte. 20367/333.

- 7.- Proposta de autorización do pagamento por sentenza xudicial sobre reclamación de cantidades, por parte de GENERALI ESPAÑA, SA DE SEGUROS E REASEGUROS, polos importes pagados en concepto de seguro de vida a un traballador do Instituto Municipal dos Deportes. Expte. 5805/243.

EDUCACIÓN

- 8.- Expediente de contratación do servizo para a xestión da escola infantil municipal de Bembrive. Expte. 25103/332.

EMPREGO

- 9.- Proxecto de convenio coa Universidade de Vigo para o financiamento do III Foro de Emprego da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Expte. 18038/77.

PATRIMONIO HISTÓRICO

- 10.- Expediente de contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, das obras do “VII Programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública”. Expte. 10182/307.

RECURSOS HUMANOS

- 11.- Nomeamento interino, con cargo a praza vacante, de catro subalternos/as para o servizo Conserxería. Expte. 37320/220.
- 12.- Nomeamento interino, por acumulación de tarefas, de persoal auxiliar de Administración xeral e subalterno para distintos servizos. Expte. 37305/220.

SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA

- 13.- Subvención nominativa ao TEATRO ENSALLE SLL para o desenvolvemento da programación da sala Teatro Ensalle no período de novembro do 2020 a febreiro do 2021. Expte. 3775/330.

URBANISMO

- 14.- Proposta de aprobación das bases reguladoras do concurso ordinario de méritos para a provisión de tres postos de traballo de xefatura (C1) vacantes na Xerencia Municipal de Urbanismo. Expte. 13297/407.
- 15.- Proposta e aprobación das bases reguladoras do procedemento de libre designación para a provisión do posto de traballo “410.01. Xefa/e da área técnica” na Xerencia Municipal de Urbanismo. Expte. 13298/407.
- 16.- Proposta de aprobación das bases reguladoras do concurso específico de méritos para a provisión do posto de traballo “424.01. Xefa/e de ITE- Conservación” na Xerencia Municipal de Urbanismo. Expte. 13299/407.

XUVENTUDE

- 17- Proxecto de convenio coa Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral (APAMP) para o desenvolvemento dun programa de dinamización infantil e xuvenil concretado nunha ludoteca de integración no ano 2021. Expte. 9174/336.



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte.1012/1102

ASUNTOS URXENTES

- 18.- Corrección de errores no prego de prescripcións técnicas particulares para a contratación do subministro dun vehículo autobomba urbana pesada 4x2, sen dotación (chasis, carrozado e grupo de bomba) para o parque central de Teis do Servizo de Bombeiros. Expte. 6341/213.
- 19.- Expediente de contratación, polo procedemento aberto, das obras do proxecto de "demolición de edificación na Avda. Samil, nº 26 (antiga cafetería Camaleón)". expte. 863/441.
- 20.- Rogos e preguntas.